



CCOO INFORMA

PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Que autónomos/as terán dereito?

As persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, ambos incluídos, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.

En que consiste o programa?

Nunha axuda económica ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral.

Subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que se formalicen desde o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022, ambos incluídos, sempre que cumpran as seguintes condicións:

- a) Estar inscrita como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego e carecer de ocupación efectiva.
- b) Ter iniciada a actividade con anterioridade á presentación da solicitude da subvención.
- c) Desenvolver fundamentalmente a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.
- d) Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- e) Non ter percibido subvencións ao abeiro dos distintos programas de emprego autónomo nos tres anos anteriores á data do inicio da nova actividade.
- f) Non ter desenvolvido como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin que estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores.

Cal é a contía da axuda?

- a) 2000 € para persoas desempregadas en xeral.
- b) 4000 € para o caso de persoas desempregadas que se atopen nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:
 - persoas menores de 30 anos
 - persoas desempregadas de longa duración
 - persoas desempregadas con discapacidade
 - persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social

A contía base correspondente incrementarase nun 25 % nos seguintes casos:

- a) Se a persoa incorporada é unha muller.
- b) Se o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer daquel) da persoa autónoma está situado nun concello rural.
- c) Persoas maiores de 45 anos.
- d) Se a persoa incorporada é emigrante retornada.
- e) Persoas trans.
- f) Profesións e oficios nos cales a muller estea subrepresentada, segundo un informe do Instituto Galego das Cualificacións, que se reflicte na lista que figura no anexo III.

Estes seis incrementos son acumulables e, deste xeito, a contía máxima posible, de aplicárense todos os incrementos, sería de 10 000 €.

Aplicarase a subvención polo colectivo e os incrementos indicados pola persoa solicitante; en caso de non exercer a opción, entenderase solicitada pola contía superior que quede acreditada coa documentación achegada coa solicitude. Se non queda acreditada a pertenza a ningún colectivo, entenderase que solicita pola contía base mínima.

Solicitudes

As solicitudes presentaranse no modelo de solicitude que figura como anexo I na convocatoria xunto coa documentación requirida. As solicitudes deberanse presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes de axudas do programa para a promoción do emprego autónomo está aberto ata o 30 de setembro de 2022.

Máis información

- DOG núm. 250, xoves 30 de decembro de 2021:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211230/AnuncioG0599-281221-0002_gl.html
- Sede electrónica: código de procedemento TR341D.

Secretaría de Emprego, Política Social e Políticas Públicas
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia